



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

SESIÓN ORDINARIA DE 25 DE ABRIL DE 2.008

Na Casa de Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e dez minutos do día vinte e cinco de abril de dous mil oito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Luis Varela Pérez, D^a Pilar Méndez Lombao, D. Serafín Vázquez Arias, D^a Sandra Abeledo Sánchez, D. Miguel Ángel López Varela, D^a Vitoria Fernández Vigo, D. José Manuel Carral Méndez, D. Arcadio Lombao Román e D^a Dulce María Neira Fraga, membros que constitúen o Pleno deste Concello na súa totalidade, có obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ó exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA DE DATA DE 29 DE FEBREIRO DE 2008.

Ponse de manifesto os membros da Corporación a acta da sesión plenaria celebrada o pasado día 29 de febreiro de 2008, cuxas copias se remitiron aos Concelleiros adxunta a notificación da convocatoria da presente sesión.

Intervén a sra. Concelleira dona Dulce María Neira Fraga, que sinala a existencia de tres erros no borrador sometido a debate e votación:

- Un primeiro erro, existente no debate da moción do BNG relativa a prestación eficaz do servizo de correos, xa que na intervención do sr. Pardo Lombao anúnciase que vai votar en contra, cando anunciou que ía votar a favor.
- Un segundo erro, existente no debate da moción presentada polo PSdG-PSOE sobre a eliminación de barreiras arquitectónicas, xa que a concelleira dona Dulce María Neira Fraga non puxo coma exemplo de necesidade de adaptación da Casa Consistorial, senón do Centro Cultural e Casa da Cultura.
- Por último, no debate da moción presentada polo PP con motivo da conmemoración do día 8 de marzo, día internacional das mulleres, xa que na intervención da concelleira dona Dulce María Neira Fraga non se fixo referencia as Galescolas, senón únicamente as escolas.

Sométese a votación a aprobación da acta coas correccións indicadas. Realizada a votación, dita acta queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

2- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA LICENZA POLA TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

PERIGOSOS, DO SEU REXISTRO, E DA SECCIÓN LOCAL DO REXISTRO DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA.

O sr. Pardo Lombao pon de manifesto aos membros da corporación a seguinte proposta de resolución:

“José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das competencias que me atribúe o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

Transcurridos catro anos dende a aprobación da ordenanza municipal reguladora da licenza pola tenza de animais potencialmente perigosos, do seu rexistro e da sección local do rexistro de animais de compañía, constátase o seu normal funcionamento e a inscrición generalizada destes animais.

Por outra banda, a proximidade do vencemento da vixencia das primeiras licencias concedidas, fixo que os servizos municipais estudasen o texto da ordenanza e a súa concordancia coa lexislación vixente.

Deste estudo, conclúíuse que o tenor do artigo 7.3, omite a relación de certos documentos que, por seguridade xurídica, deberían relacionarse expresamente, tales coma o certificado de penais ou unha declaración de vixencia dos datos domiciliarios relacionados na solicitude inicial.

Por todo iso, propónse modificar o texto da ordenanza, nos seguintes termos:

Suprimir o actual apartado 3 do artigo 7 da ordenanza municipal reguladora da licenza pola tenza de animais potencialmente perigosos, do seu rexistro e da sección local do rexistro de animais de compañía.

Darlle a seguinte redacción:

“3. Para a renovación da licenza municipal deberá aportarse a mesma documentación que a relacionada no apartado anterior para a expedición da tarxeta identificativa, coa excepción dos documentos relacionados nos apartados m), n) e o).”

En Outeiro de Rei, a 22 de abril de 2008.

*O Alcalde
Asdo.: José Pardo Lombao”*

Non xurdindo debate sobor este punto da orde do día, sométese a votación a súa aprobación.

Efectuada a votación, a proposta resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes.

3. MOCIÓNS E ROGOS.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A POSTA EN MARCHA DUN PROGRAMA DE ACTUACIÓN RELATIVO Á TOPONIMIA.

Ponse de manifesto o escrito presentado polo Grupo Municipal do BNG, con data de rexistro de entrada de 21 de abril de 2008, e do seguinte teor literal:

“Arcadio Lombao Román e Dulce M^a Neira Fraga, concelleiros do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego na Corporación Municipal de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte

MOCIÓN PARA A POSTA EN MARCHA DUN PROGRAMA DE ACTUACIÓN RELATIVO Á TOPONIMIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A conservación do noso idioma e da nosa cultura como elementos de identidade propios de Galiza é unha labor prioritaria para calquera administración que se estime competente, polo que dende o ámbito municipal faise preciso aportar esforzos buscando a coordinación necesaria con outras administracións para conquistar este obxectivo fundamental.

Un dos aspectos clave neste proceso sería o da recuperación e conservación dos topónimos e microtopónimos do espazo territorial comprendido polas parroquias do concello.

A situación actual no concello de Outeiro de Rei, que vén determinada por diversos factores tales como: envellecemento da poboación, abandono masivo dos usos agrícola e gandeiro da terra, impacto significativo no territorio derivado da execución de proxectos urbanísticos e grandes infraestruturas, asentamento de cidadáns non orixinarios nos núcleos tradicionais de poboación, fai que a efectivización deste proceso de recuperación e conservación sexa de prioridade absoluta dado que a información referente a grandes parcelas do territorio está en grave perigo de ficar perdida definitivamente pola desaparición das fontes que a conservan.

Por todo isto, o grupo municipal do B.N.G. propón ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS

O Pleno acorda iniciar a elaboración do mapa de topónimos e microtopónimos do territorio comprendido polas parroquias que o conforman. Para tal obxectivo planificará a súa execución, dotando ao mesmo da prioridade que require en base ás condicións expostas nos motivos da presente moción.

Para a efectivización deste acordo buscará a colaboración dos organismos que considere precisos, nomeadamente da Comisión de toponimia da Xunta de Galiza, na procura de encadrar o presente acordo dentro do “Proxecto toponimia”, que coordina a comisión mencionada, seguindo os criterios técnicos establecidos neste proxecto.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Outeiro de Rei a 21 de abril de 2008

*Asdo.: Arcadio Lombao Román
Portavoz do GM do BNG*

*Asdo.: Dulce M^a Neira Fraga
Concelleira do GM do BNG*

Trala defensa da moción realizada por dona Dulce María Neira Fraga, intervén o voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, que indica que no texto da moción non se fai referencia algunha a participación dos diferentes grupos municipais na elaboración da documentación, se ben está dacordo coa conveniencia da súa aprobación.

A continuación intervén don José Pardo Lombao, que manifesta que, o parecer do equipo de goberno, e convinte a realización dun plan de toponimia, se ben para iso debe contarse coa colaboración económico-financieira de outras administracións, coma a provincial ou a autonómica. En calquer caso, a realización dun plan de toponimia non é prioritario neste momento, en tanto o Concello xa ten previsto a realización dun plan de sinalización do termo municipal, para o que se pretende, asemade, a obtención de colaboración económica das citadas administracións. Non se ve inconvincente na participación dos diferentes grupos municipais na elaboración desta sinalización, xa que cantas máis persoas coñecedoras dos lugares e dos seus topónimos participen (pedáneos, veciños...) mellor será o resultado.

Non tería inconvincente en apoiar esta moción de incluír un apartado no que se propoña a realización dun plan de toponimia, sempre que se conte co apoio económico financeiro de outras administracións públicas. En caso contrario non poderemos apoiar a moción, xa que non se pode aprobar aquilo que non se sabe con certeza que se pode levar a cabo.

No suposto de que se inclúa esta subordinación ao apoio económico financeiro, se levaría a cabo dito plan, que asemade se utilizaría na formulación do plan de sinalización do termo municipal que se pretende levar a cabo.

Co anterior equipo de Goberno da Xunta de Galicia, existía un plan de toponimia de Galicia no que se aportaba persoal aos concellos que o solicitasen, para a realización do plan citado. Descoñece se, a día de hoxe, mantense estas condicións de aportación de persoal. De ser así, non habería inconvincente en realizar dito plan de toponimia.

Pregunta aos señores concelleiros se aceptan introducir a modificación proposta sobre a moción.

Respóstalle a concelleira do Grupo Municipal do BNG, dona Dulce María Neira Fraga, que manteñen a moción nos seus termos orixinais, xa que o plan de toponimia é un complemento perfecto ao plan de sinalización que pretende o concello, e a Xunta de Galicia segue a manter liñas de apoio aos Concellos que pretendan realizalo.

Intervén o sr. Alcalde recriminando a concelleira do BNG a súa falla de disposición a negociación, xa que se opoñe sistemáticamente a variar os textos da moción para permitir un acordo de vontades entre as diferentes forzas políticas. Ante



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

esta posición de inmovilismo, o que non fará o equipo de goberno, será aprobar algo co que non esté dacordo. Polo tanto, non poden apoiar a moción.

Pregunta o voceiro do PSdG-PSOE, se se introduce a participación dos restantes grupos políticos na formulación do plan, xa que de elo depende o apoio do seu grupo político.

Respóstalle a concelleira do BNG que sí que se acepta.

Sométese a votación a moción transcrita, coa matización proposta polo voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con seis votos en contra, pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do PP, e cinco votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos Grupos Municipais do BNG e PSdG-PSOE.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVO AOS VERQUIDOS CONTAMINANTES NO RÍO MIÑO AO SEU PASO POR SAN MARTIÑO DE GUILLAR.

Ponse de manifesto o escrito presentado polo Grupo Municipal do BNG, con data de rexistro de entrada de 21 de abril de 2008, número de rexistro 605, e do seguinte teor literal:

Arcadio Lombao Román e Dulce Neira Fraga, Concelleiros do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na Corporación Municipal de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente presentan a seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Río Miño á altura de San Martiño de Guillar véñense producindo periodicamente verquidos contaminantes (augas fecais) a través de dúas tuberías que saen a superficie, unha delas que baixa desde a Urbanización “Alargos 2” a través dunha finca que beira co Río, e outra a través da rede de alcantarillado da citada urbanización e discorre por unha cuneta até o Río.

Esta situación vén sendo denunciada tanto por organizacións ecoloxistas, como polos propios veciños, dada a alarma social que se está creando, e a gravidade que, por si mesmo, supón a propia contaminación do Río Miño e as súas inmediatezas.

Polo exposto, o grupo municipal do BNG SOLICITA a aprobación polo Pleno da Corporación do seguinte

ACORDO



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Se os verquidos son responsabilidade do Concello, se tomen as medidas oportunas para a súa subsanación definitiva.

Se, pola contra, non son responsabilidade do Concello, se investigue a súa procedencia e se obrigue aos causantes, igualmente, á súa subsanación.

Outeiro de Rei, 21 de abril de 2008

Asdo.: Arcadio Lombao Román

Asdo.: Dulce Neira Fraga

Concelleiro-Portavoz do GM do BNG

Concelleira do GM do BNG

Trala exposición e defensa da moción polo voceiro do Grupo Municipal do BNG, don Arcadio Lombao Román, toma a palabra o sr. Alcalde, que recorda que este tema xa foi abordado nun pleno recente, e que sempre se volta ao mesmo.

Sinala a imprecisión da descripción dos verquidos aos que se fai referencia na moción, e descoñece a qué punto se refire cando ubica o verquido en “*outra a través da rede de alcantarillado da citada urbanización e discorre por unha cuneta até o Río.*”

Explica o sr. Arcadio que, salvo erro no nome da urbanización, o verquido se produce onde se verquen os escombros e preto da zoa verde deste polígono.

Respóstalle o sr. Alcalde que descoñece este último punto de verquido, e que respecto ao primeiro, a contesta é a mesma que xa expuso no pleno anterior respecto das preguntas formuladas polo PSdG-PSOE. O problema xurdiu como consecuencia dunha sinxela avería no sistema de impulsión da rede de sumidoiros destas urbanización.

En efecto, a rede de sumidoiros destas urbanizacións contan con bombas de impulsión para elevar as augas residuais para salvar unha cota de terreo trala cal baixan polo seu propio peso. As veces, un atasco no colector ou unha avería nestas bombas, implica que as augas residuais rebosen, por non poder salvar esta cota superior. Tan pronto como se detectan as averías se arranxan. O que sucede é que, por mor da lonxitude da nosa rede de sumidoiros, o colector atravesa fincas rústicas, polo que a avería non se detecta ata que algén advirte o verquido, e iso pode ocorrer cunha semana de demora.

No suposto da urbanización de O Salete, o problema é distinto, xa que deriva da existencia dunha serie de edificacións non incluídas na urbanización e que non se atopan conectadas coa rede de saneamento, polo que xeneran verquidos non tratados. Este problema está sendo tratado, xa que se está a redactar un proxecto de execución dun colector entre os veciños e o concello, que suprimirá o bombeo de O Salete, e que permitirá conectarse a rede de evacuación de augas residuais a estas edificacións que non dispoñen do servizo. Polo tanto, non hai ningún problema da rede de sumidoiros e non hai nada que investigar, xa que coñecemos perfectamente a realidade a mellorar e se están abordando as actuacións necesarias para afrontar esta mellora.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Intervén o voceiro do Grupo municipal do BNG, que xa sabe que este problema xa se tratou fai dous plenos, pero como se segue a verquer, decidiron voltar a traelo ao Pleno coa esperanza de que se lle poña fin, xa que chegaron a creer que o concello descoñecía a situación ou non era competencia municipal.

Respóstalle o sr. Pardo Lombao que sí que son perfectamente coñecedores, e que os verquidos seguirán realizándose, se ben unicamente de augas pluviais, xa que ese colector é o de augas pluviais. Dende a presentación das preguntas fai dous plenos, momento no que se corruxiron as deficiencias detectadas, non voltaron a verquese augas residuais, sí augas pluviais, xa que, insiste, é un punto de verquido autorizado de augas pluviais.

Intervén o voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, don Miguel Ángel López Varela, que asegura que, nun dos puntos de verquido denunciados no seu día ante este pleno, a semana pasada segue aventó verquidos.

Pregunta o sr. Alcalde ónde é este punto de verquido.

Resposta que nas inmediacións da N-VI. E tamén afirma que coñece o punto de verquido ao que fai referencia o sr. Arcadio, e asegura que, fai un mes e medio aproximadamente seguía a haber tales verquidos.

E se existen estos verquidos e son responsabilidade do concello, lóxicamente, terá que adoptar as medidas oportunas. E non sólo esto, senón que haberá que repoñer a situación alterada ao seu estado orixinal, xa que se se produxo un dano ambiental terá que reparase. E como medida preventiva, haberá que facer un estudo de riscos, no que se identifiquen os posibles puntos de verquido, coa finalidade de que se adopten as precaucións debidas. Son estos puntos os que se propoñen na moción presentada polo PSdG-PSOE, que se tratará máis adiante.

Afirma o sr. Pardo Lombao que, trala explicación dada polo voceiro do PSdG-PSOE, xa identifica o punto de verquido aludido polo voceiro do BNG, que non é outro que o colector de augas pluviais que fixo o Ministerio de Fomento nas obras da N-VI e que, lóxicamente, non é de responsabilidade municipal, polo que haberá que pedir explicacións e, no seu caso, responsabilidades a Fomento sobor os verquidos realizados dende esta infraestrutura.

Insiste en que este punto de verquido non ten nada que ver coas urbanizacións de Guillar, e que os problemas xenerados nestas urbanizacións xa están solucionados ou en vía de solucionarse.

O sr. Arcadio reitera que os verquidos se seguen a facer no entorno das urbanizacións, e que no segundo punto de verquido contido na moción, a cuneta está queimada pola natureza do verquido.

O sr. Pardo Lombao asegura que non coñece, xa non este punto de verquido, senón a propia tubería que dí que existe. A non ser que se trate dunha tubería dalgunha edificación allea a urbanización que verta directamente a cuneta. En calquer caso, invita



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

ao concelleiro a que lle indique sobor o terreo o verquido, coa finalidade de que, se existe, remedialo inmediatamente.

Alega o sr. Arcadio que esta é a finalidade da moción; evitar o verquido, non facer responsable a ningún.

Anuncia o sr. Pardo Lombao que non apoiarán a moción, se ben seguirán facendo todo o posible para evitar novos verquidos e mellorar a situación existente.

Sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con seis votos en contra, pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do PP, e cinco votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos Grupos Municipais do BNG e PSdG-PSOE.

4. MOCIÓN Nº 627 PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP.

Ponse de manifesto o escrito presentado polo Grupo Municipal do PP, con data de rexistro de entrada de 21 de abril de 2008, número de rexistro 627, e do seguinte teor literal:

“José Pardo Lombao, portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular, ó abeiro do disposto nos artigos 91 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presento a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno polo trámite de Urgencia.

Xustificación da urxencia

O pasado día 17 de abril entraron en vigor as Normas do Hábitat Galego, aprobadas por Decreto da Xunta de Galicia o 17 de xaneiro. Todos os sectores implicados están manifestando a súa oposición e adiantando os efectos negativos da mesma. Co obxectivo de evitalos o Grupo Municipal Popular presenta esta iniciativa para o seu debate no Pleno deste Concello de OUTEIRO DE REI

Exposición de Motivos

As Normas do Hábitat Galego que ven de aprobar o Consello da Xunta, a proposta da Consellería de Vivenda e Solo, pretenden marcar as calidades mínimas coas que se deben construír as novas vivendas.

Estas normas substitúen o actual Decreto de Habitabilidade do ano 1992, e recollen todos os parámetros de cómo deben construírse as vivendas en Galicia, sexan protexidas ou de prezo libre.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Estando de acordo co obxectivo global da mellora das condicións das vivendas, en canto supoñan a mellora das condicións de vida dos cidadáns; sen embargo, o Decreto de habitabilidade aprobado pola Xunta de Galicia, na súa actual redacción, presenta moitos aspectos que, aplicados na práctica, suporán evidentes perxuízos para os veciños.

Por suposto, o PPdeG está a favor de todas aquelas medidas que supoñan un aumento da calidade da vivenda e do hábitat dos veciños, pero precisamente por iso, entende que este obxectivo se debe perseguir baseándose na obxectividade e no rigor e non mediante normas improvisadas que suscitan o rexeitamento xeral.

A Constitución Española garantiza a autonomía dos municipios para a xestión dos seus respectivos intereses. Sen embargo, as normas do Hábitat galego aprobadas, supoñen unha inxerencia e un ataque a autonomía local, toda vez que, según teñen manifestado xa moitos técnicos independentes, poderían chegar a colisionar mesmo cos Plans de Ordenación Municipal. Trátase, en consecuencia, dunha norma claramente intervencionista.

A día de hoxe, todos os sectores implicados manifestan a súa preocupación polos efectos negativos que se derivarían da súa inmediata entrada en vigor: invasión na autonomía municipal, encarecemento dos prezos das vivendas de ata un 30%, parálise dos planeamentos en redacción (nomeadamente para os concellos que os estén a tramitar), exceso de reglamentación, discrecionalidade da Consellería de Vivenda para eximir do cumprimento da norma, etc.

Boa mostra da preocupación xerada por este Decreto é a saturación que, desde a publicación do mesmo, están sufrindo os servizos urbanísticos dos concellos galegos, recibindo un “aluvión” de solicitudes de licenzas de construción antes da súa entrada en vigor.

Trátase dunhas Normas, que como advirte o Consello Consultivo de Galicia nos dous ditames emitidos invaden competencias que non son propias da Consellería de Vivenda e Solo, ademáis de que pola súa imprecisión e ambigüidade xerarían inseguridade xurídica.

Os informes elaborados polos axentes implicados son contrarios ao texto aprobado pola Xunta de Galicia, de aí a preocupación que neste Grupo Municipal recollemos de todos e cada un deles. A FEGAMP ven de recoñecer explicitamente que as normas en cuestión invaden as competencias da administración local.

Considerando, que estamos inmersos nunha crise económica profunda que repercute en todos os sectores produtivos, o CONCELLO DE OUTEIRO DE REI veríase claramente perxudicado pola aplicación deste decreto. Os primeiros perxudicados serían os propios veciños que sufrirían un aumento do prezo das vivendas e que logo abarcaría ao conxunto da actividade económica coa conseguinte paralización dos sectores económicos esenciais. Asimesmo, a aplicación do decreto afectaría negativamente na recaudación municipal e consecuentemente frearía a capacidade prestadora de servizos deste concello.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Por todo o anterior, o Pleno do Concello de OUTEIRO DE REI insta a Xunta de Galicia a:

Derogar o actual Decreto das Normas do Hábitat Galego co fin de elaborar outra norma que naza froito do consenso coas forzas políticas e sociais, as administracións locais, nomeadamente coa FEGAMP, e os sectores, empresariais e profesionais afectados, e que permita garantir unha mellor calidade de vida dos cidadáns e non dificulte o desenvolvemento urbano e urbanístico dos concellos galegos.

Remitir este acordo ao Presidente de Xunta de Galicia, á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, á Fegamp e ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

OUTEIRO DE REI, 21.de abril de 2008.”

Trala exposición do contido da moción polo sr. Alcalde, inicia a súa defensa, e recorda as declaracións do Presidente da Xunta ou, polo menos, dunha das dúas Xuntas de Galicia que debe haber, xa que tódolos días se demostra que non existe unha Xunta de Galicia, senón dúas.

Tacha de impresentable que o sr. Touriño, uns días despois de asinar o decreto do hábitat galego, inste aos alcaldes do seu partido a recurrilo, e declare que debe modificarse e suavizarse.

O decreto o asinou o Presidente da Xunta, que é do PSOE, polo tanto a responsabilidade é tanto do PSOE coma do BNG. Se gobernan xuntos as responsabilidades son de ambos partidos.

Insta a estos partidos a que, xa que tanto falan de diálogo, cando adopten unha medida coma esta dialogen previamente cos sectores afectados, que dialogen coa FEGAMP, en tanto representa aos concellos, que non invadan competencias municipais, que non “metan os fuciños” coma dixo o presidente da FEGAMP no urbanismo. Por que este xeito de actuar, ademáis de causar un grave quebranto ao sector da construción, xa moi afectado polas últimas políticas públicas, repercute na cidadanía mediante unha suba dos prezos finais das vivendas.

E non se trata de opoñerse a que mellore a calidade da vivenda, que claro que se desexa a súa mellora e que as vivendas non fosen de 40 metros senón de 200 e de superluxo e que tódolos cidadáns tivesen acceso as mesmas. O que sucede e cos metros actuais e as calidades actuais moita xente non ten acceso a vivenda, e canto máis se se encarecen as características constructivas.

E en relación a este tema, pregunta ónde están as vivendas de promoción pública que tanto se anunciaron.

Pregunta o sr. Arcadio quén ten a culpa do encarecemento.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Respóstalle o sr. Pardo que o Goberno, tanto da nación coma da autonomía, e que el saiba, en Galicia goberna o PSOE maila o BNG.

Segue a decir o sr. Arcadio que a finalidade do decreto é mellorar as condicións das vivendas, que son a meirande inversión na vida dunha persoa, e mellorar deste xeito as condicións de vida e o exercizo do dereito a unha vivenda digna.

Con esta moción estase oponendo a estas melloras na vida das persoas, porque opoñéndose ao decreto estanse opoñendo ao incremento da superficie mínima da vivenda, das estancias interiores, dos patios interiores, das condicións de accesibilidade...etc.

Alegan na moción que estas medidas encarecen a vivenda, pero cando estes anos de atrás subiu o prezo da vivenda espectacularmente, acumulando subas de ata o 300% no último decenio, ningún se preocupou o máis mínimo, e se debían a especulación pura e dura. Agora poñen o grito no ceo cando se propoñen melloras de calidade porque alegan subas nos prezos finais.

Parece que máis que defender os intereses dos cidadáns están a defender os intereses de certos grupos económicos que necesitan que os defendan.

Fai uso da palabra o voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, que dí estar dacordo coas melloras en calidade e condicións de habitabilidade que introduce o decreto, pero ten que manifestar o seu desacordo na invasión de competencias municipais que se establece nalgún punto concreto do texto. Esta afectación de competencias municipais deberíase dialogar coa FEGAMP. En calquer caso, non se trata dunha derogación, senón dunha modificación puntual do texto, e isto non se pode criticar, e menos polo PP, que nos seus anos de goberno primeiro dictou a lei do solo do 97, logo a do 2002 e, finalmente, a modificou no 2004.

Pide o sr. Pardo Lombao que non se terxiversen as súas palabras, xa que el non se opoñe a que se melloren as calidades das vivendas, o que pide é que se garanta o acceso de todos a unha vivenda digna, e isto non se está a garantir polo actual goberno da Xunta. En Outeiro de Rei estaban previstas once vivendas de promoción pública e non se fixeron.

Alegan agora que se incrementa a superficie mínima das vivendas, pero non fai moito unha ministra propoñía as vivendas de 30 metros cadrados. E dita ministra foi nomeada polo Presidente do Goberno.

Falan da Lei do suelo, pero xa casi fai catro anos que gobernan, se non lles guste que a derogen, coma xa fixeron cos travases (que, por certo, cambiaron de nome).

Dicían que o equipo de goberno defende máis aos intereses de certos grupos que aos veciños, pero os resultados electorales en Outeiro parece que dín o contrario, elección tras elección e dende hai décadas.

Quen non defende os intereses dos cidadáns é o actual goberno da nación, que sumiu o estado nunha crise económica sen precedentes que repercute, coma sempre e



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

sobre todo, as clases máis débiles. E este goberno que nos está levando a crise foi apoiado polo BNG na súa investidura. Alá vostedes.

E respecto da calidade da vivenda, recorda que quen non ten unha vivenda de boa calidade é porque non pode. E non pode porque, entre outras cousas, o goberno non lle axuda. E se os recursos son escasos, sempre será mellor que todos teñan acceso a vivenda, aínda que non sexa tan boa, a que so úns poucos teñan acceso a unha vivenda moi boa.

Por iso non é que non se esté dacordo coa mellora das calidades, pero sí se está en contra de que estas melloras impidan o acceso da vivenda a unha porcentaxe grande da poboación.

E no que nunca se estará de acordo é no feito de que a consellería meta os fuciños onde non lles toca, invadindo as competencias municipais, esixindo que cando se queira facer unha vivenda se teña que obter o informe da consellería e con arreglo a unhas cláusulas pouco claras.

Pregúntalle o sr. Arcadio porqué lle preocupa tanto que a vivenda suba pola mellora das calidades e non lle preocupa que suba pola especulación.

No tocante a intervención da consellería, respáldase no estatuto de autonomía de Galicia, que atribúe a Xunta a competencia en materia de vivenda.

Por outra banda, este xeito de intervención xa se ven aplicando dende hai vinte anos nas vivendas de protección.

Engade o voceiro do PSdG-PSOE, que as condicións de fai uns anos non eran mellores que agora, e que a xente da súa promoción por aquel entón non podían nin soñar en acceder a vivenda, porque chegar a fin de mes era todo un reto.

O sr. Pardo Lombao dí entender que agora, co cargo do voceiro do PSdG-PSOE, na empresa pública, lle resulte máis fácil a situación económica. Pero estas facilidades nos llas pode contar aos veciños que non accederon, coma vostede, a empresa pública.

Engade que o PSOE está a negar a maior, nega a existencia de crise, nega a suba das hipotecas e as dificultades para obter creto para aqueles que queren acceder a vivenda, nega a destrucción de emprego... e así afirman que agora e máis fácil acceder a unha vivenda.

Nos non estamos a favor da especulación, nos estamos a favor da creación de riqueza, e para iso non se pode ser intervencionista, senón que o que debe facerse e estimar e favorecer a iniciativa privada. Ata o momento con esta forma de facer as cousas, este concello medrou moito máis que outros concellos de características similares, e os veciños, que case sempre son moito máis listos ca nos, refrendan este xeito de actuar elección tras elección.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Por todo isto nos opeñemos a este decreto, e solicitamos que sexa derogado. E se queren facilitar o acceso dos cidadáns á vivenda, fagan vivenda de protección oficial, pero fánganna, que a día de hoxe non fixeron nada ou casi nada.

Sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta aprobada con seis votos a favor, pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do PP, e cinco votos en contra, pertencentes aos concelleiros dos Grupos Municipais do BNG e PSdG-PSOE.

MOCIÓN Nº 656 PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP.

Ponse de manifesto o escrito presentado polo Grupo Municipal do PP, con data de rexistro de entrada de 25 de abril de 2008, número de rexistro 656, e do seguinte teor literal:

“DON José Pardo Lombao, Portavoz do Grupo Municipal Popular no Concello de OUTEIRO DE REI, presenta para a súa aprobación no Pleno da Corporación, a seguinte

MOCION

Que se fundamenta na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ante a gravidade da crise que están a sufrir os sectores lácteo e cárnico con problemas que poden levar a unha difícil situación de moitas explotacións, debido ás importantes baixas nos prezos que perciben os gandeiros e ás importantes subidas dos produtos básicos para o normal funcionamento das mesmas.

Solicítase do Pleno do Concello de OUTEIRO DE REI que se adopten os seguintes

ACORDOS

1. Instar ó Presidente da Xunta de Galicia e a Consellería de Medio Rural a que tomen as medidas oportunas para solucionar a situación.

2. Instar ó Presidente da Xunta de Galicia a que realice ante o Ministerio de Medio ambiente, Medio Rural y Marino, como máximo responsable, as oportunas xestións para paliar o problema existente.

3. Dar apoio institucional dende o Concello ós gandeiros en todos os aspectos e para a posta a disposición de medios de transporte para facilitar a asistencia á concentración do 30 de abril en Santiago de Compostela, dada a gravidade da situación que está a sufrir o Sector.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

En Outeiro de Rei, a 25 de abril de 2.008

ASDO: Grupo Municipal do Partido Popular de Outeiro de Rei.“

Trala exposición da moción, inicia a xustificación da urxencia da moción o sr. Pardo Lombao, aclarando que o apoio institucional do concello aos gandeiros é en tódolos aspectos, non únicamente na problemática concreta sobre a que versa a moción.

O carácter agropecuario deste concello, fai que o sector agrario e gandeiro é un sector importante na economía e na sociedade do termo municipal, ao tempo que a viabilidade deste sector implica o mantemento e conservación do medio natural. O abandono das actividades económicas agropecuarias implica un abandono do territorio e, consecuentemente, un incremento da súa fragilidade (exm: inexistencia de xestión da biomasa e lóxico incremento do risco de incendios...).

A crise económica pola que se está pasando está a perjudicar moito a este sector. Dende o concello preténdese apoiar aos gandeiros nas súas xustas reivindicacións que, a vista da convocatoria de concentración o vindeiro día 30 de abril, exprésase na posta a disposición de medios de transporte.

O sr. Arcadio Lombao Román, voceiro do Grupo Municipal do BNG, solicita e fai uso da palabra, explicando que non van votar a favor da urxencia da moción, en tanto o problema do sector non é de agora, senón que se arrastra dende hai anos, polo que esta moción deberíase presentar coa antelación debida.

Nos mesmos termos se expresa o voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, don Miguel Angel López Varela.

Sométese a votación a urxencia da moción.

Realizada a votación, a urxencia resulta aprobada con seis votos a favor, pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do PP, e cinco votos en contra, pertencentes aos concelleiros dos Grupos Municipais do BNG e PSdG-PSOE.

Iníciase o debate da moción, mediante a súa defensa polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, don José Pardo Lombao.

Don José Pardo Lombao expón a súa sorpresa de que, a diferenza de outros sectores nos que o Goberno intervéñ cando xurde o conflito, no caso do sector agropecuario o Goberno está desaparecido. Nin o Presidente do Goberno nin a Ministra de Agricultura reaccionan para intentar obter un acordo entre as partes implicadas ou buscar solucións.

Aínda recorda que, fai non moitos anos, cando había un problema de cuotas ou de prezos certas voces dicían que era culpa de Fraga. Hoxe en día Fraga xa non está ao fronte da Xunta de Galicia, os problemas se acentúan e esas voces xa non gritan. Se antes era problema de Fraga agora debería ser culpa de Touriño.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Pero o Partido Popular non lle achaca a culpa en exclusiva a Touriño, xa que estes problemas son problemas entre os axentes económicos afectados, agora ben, Touriño, Suarez Canal, e os Ministros afectados teñen as competencias e as responsabilidades para arranxar a situación, e non o fan. Están desaparecidos.

E a situación é gravísima para o sector gandeiro, con baixadas nos prezos de venda dos seus produtos e fortes subas dos cereais, fertilizantes e carburantes. Isto deu orixe a que os gandeiros estén nunha situación económica moi difícil.

Por unha parte se di que hai que manter a xente no campo e, por outra parte, non se soluciona unha situación que arrastra aos gandeiros ao peche.

Intervén o voceiro do PSdG-PSOE, que asegura que na moción se responsabiliza ao Presidente da Xunta, mentres que os tres sindicatos o fan as empresas.

Descoñece se fai un ano se presentou ou non unha moción neste mesmo sentido, pero por aquel entón estaba o litro de leite a 50 pts, logo subiu a 80 pts e agora baixou a 70 pts. ¿Por aquel entón manifestou o Partido Popular esta preocupación?. Isto é un problema xenerado polas industrias, e de isto son conscentes os gandeiros e así o expresan nas manifestacións e así o expresan os sindicatos. Non son responsables nin Touriño, nin a Xunta ou o Goberno da nación.

Intervén o sr. Arcadio, voceiro do BNG, alegando, en relación a urxencia da moción, que esta moción era urgente fai vinte anos, e de ahí as numerosas mocións que o BNG presentou neste sentido ao longo de tódolos estes anos. É por iso polo que se opón a urxencia da moción, e non porque se nege o problema do rural. Pídelle ao sr. Alcalde que non terxiverse as súas palabras.

Do texto da moción despréndese que o problema do sector lácteo é un problema de fai dous anos, cando este problema ven de moito máis lonxe, xa que se hereda de outras administracións e doutros tempos. E ao igual que entón, hai que darlle unha solución xá.

Despois de tódolos anos de goberno do PP sen afrontar o problema, agora pretende que se arranxe en dous anos. Tal e como deixaron o sector é bastante difícil, aínda que se están dando pasos neste sentido. Antes non veían o problema, agora si.

Resposta o sr. Pardo Lombao que cando o Partido Popular chegou ao goberno da nación, arranxou en catro anos un desastre económico bestial creado ao longo de trece anos. Vostedes levan casi catro anos na Xunta e, en troques de arranxar nada están creando graves problemas. No último ano pecharon 1000 explotacións. Isto debería facer palidecer aos responsables da Consellería e do Ministerio de Agricultura.

Certo é que o BNG non ten toda a responsabilidade, xa que gran parte da responsabilidade é do PSOE, que nos meteu na CE con cinco millóns e medio de toneladas de cuota, sendo un país de corenta millóns de habitantes, en clarísima desventaxe fronte a países coma Francia, Alemania ou Holanda, que sendo como



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Galicia ten once millóns de toneladas. He aquí o primeiro desastre do sector lácteo en España.

Nos, tendo a maioría, sempre votamos a favor da urxencia, sempre. E vostedes, que presumen de ser dialogantes, opuxéronse a falar deste tema votando en contra da urxencia da moción. O PP, aínda que a moción non nos guste, vota sempre a favor da urxencia en tanto sempre estamos abertos, con feitos, ao diálogo.

Nos creemos que temos que apoiar aos gandeiros e aos tres sindicatos de maior participación en Galicia, nas súas reivindicacións na concentración do próximo día 30 de abril, mentres que vostedes nin tan sequera queren falar do tema, votando en contra de debater o problema, e incluso, para o PSOE, o problema non é tal, xa que casi quixeron dicir que os prezos da leite son altos, xa que fai un ano estaban a 50 pts e agora están a 70.

E non é que nos ignoremos que o problema tamén está nas industrias, o que non se pode negar e que existen varias administracións con competencias na materia que non están facendo nada. ¿Onde está a famosa mesa para o leite que se anunciou?, ¿e o contrato tipo entre gandeiros e industrias que ía facer a administración para defender a posición dos máis débiles?. Un contrato non se tarda catro anos en redactalo. Aquí está a responsabilidade da Xunta.

Sorprende ao sr. Alcalde a postura do PSOE e do BNG, porque dí que creía con sinceridade que ían apoiar a moción.

Volta a intervir o sr. López Varela, que quere matizar que cando fixo referencia aos prezos actuais do leite non quixo dicir que fosen altos, senón que cando estaban máis baixos non se presentou esta moción, así como que lle parece ilógico responsabilizar en exclusiva a Xunta de Galicia.

Pola súa banda, o sr. Arcadio alega que se ben é certo que no último ano houbo mil abandonos, durante o goberno do PP na Xunta de Galicia pecharon trinta mil explotacións as súas portas. E que, por primeira vez, págase por producir, e non por pechar. É dicir, págase por manter a poboación no medio rural e por crear riqueza, e non por deixar de traballar, coma se fixo ata o momento.

O BNG non pode apoiar esta moción non porque non exista o problema, que existe, senón porque se está a facer o debido para arranxalo.

A continuación, o sr Pardo Lombao revate estas últimas intervencións, asegurando que a suba do leite das 50 pts a 80 pode que mantivese un precario equilibrio coa suba dos custes de produción, pero se volta a baixar o prezo a 70 pts, rómpese o equilibrio, xa que con estes prezos non se cubren as subas dos custes de produción.

Por outra banda, os peches aos que fai referencia do concelleiro do BNG son os peches que tiveron que facerse ao reestructurar o sector, poque existían moitas explotacións dun tamaño moi pequeno. Pero os peches de agora afectan a explotacións



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

importantes, con tamaño suficiente como para poder participar no mercado, e iso é moi grave.

Tras reafirmarse nos argumentos anteriormente expostos se somete a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta aprobada con seis votos a favor, pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do PP, dous votos en contra, pertencentes aos concelleiros do Grupos Municipal do BNG e tres abstencións, pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do PSdG-PSOE.

MOCIÓN Nº 662 PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE.

Ponse de manifesto o escrito presentado polo Grupo Municipal do PSdG-PSEOE, con data de rexistro de entrada de 25 de abril de 2008, número de rexistro 662, e do seguinte teor literal:

“O Concelleiro na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, compadece e como mellor en Dereito proceda DI:

O abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local De Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réximen xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 20 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas presenta a consideración do Pleno da Corporación municipal a seguinte:

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA:

Debido a grave situación que están vivindo os veciños de Guillar, debido os verquidos incontrolados na súa parroquia, e ante a falta de solucións inmediatas dos mesmos este Grupo Municipal, presenta a seguinte moción de urgencia para acadar unha solución definitiva ao problema

MOCIÓN DE URXENCIA:



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Este Grupo Municipal ven preguntando e denunciando reiteradamente a aparición de verquidos en diversos lugares da parroquia de Guillar, proba de elo son as preguntas realizadas nos plenos de outubro e decembro do ano 2007.

O problema persiste, e non se lle deu solución, así como se nos asegurou que se ía dar, incluso ultimamente creou gran preocupación veciñal que finalmente organizacións ecoloxistas fixéronse eco das nosas denuncias.

Así mesmo este pode ser un problema común, debido gran proliferación das urbanizacións no noso Concello.

Por todo o anteriormente exposto, propoño o Pleno desta Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO:

A inmediata solución do problema dos verquidos nesa parroquia, encargando un estudo sobre a situación actual dos mesmos e as repercusións mediambientais que tiñeron, así como as posibles solucións para a recuperación das zoas danadas.

A realización dun estudo exhaustivo en todo o Concello dos puntos críticos, onde se poden dar situacións semellantes, como método de prevención, que evite unha contaminación dos nosos recursos naturais.

En Outeiro de Rei a 24 de Abril do 2008

Asdo.: Miguel Ángel López Varela

Voceiro do PSdG-PSOE”

O voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE xustifica a urxencia na necesidade de adoptar inmediatamente as medidas necesarias para poñer fin a este dano ambiental.

Pola súa banda, o voceiro do Grupo Municipal do BNG, anuncia o seu apoio da urxencia, se ben non lle parece normal que se introduzca por urxencia esta moción cando a eles lles deu tempo a metela na orde do día.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

O voceiro do Grupo Municipal do PP asegura que a moción non é de urxencia, xa que este tema xa o presentaron ante un pleno fai dous meses e o voceiro di que o coñece dende fai un ano. Pese a isto votaremos a favor da urxencia, xa que quere entrar a falar de tódolos temas, en claro contraste coa postura mantida neste pleno tanto polo BNG coma polo PSOE.

Tras esta intervención, o concelleiro do PSdG-PSOE fai a defensa da moción, voltando a expoñer os argumentos expostos no tratamento da moción presentada polo BNG no presente pleno.

O do Grupo Municipal do BNG remítese a súa exposición no debate relativo a moción presentada polo seu grupo municipal.

O voceiro do Grupo Municipal do PP insiste en que tódalas urbanizacións recibidas polo concello dispoñen dun tratamento axeitado das augas residuais, que as posibles deficiencias detectadas xa están subsanadas ou están en curso de subsanación, e que as edificacións non conectadas nas proximidades de O Salete se conectarán próximamente coa construción dun novo colector.

Por último, sinala que o equipo de Goberno está pola labor de seguir a mellorar o servizo de evacuación e tratamento de augas residuais, se ben recorda que a Xunta de Galicia ten a obriga de contribuir a obter este obxectivo, xa que está a recadar o canon de saneamento cuxo obxectivo é, precisamente, a execución de obras desta natureza.

O Grupo Municipal do Partido Popular non pode apoiar esta moción, xa que non é que se faga un estudo da situación, é que o concello ten proxectos técnicos exhaustivos para cada urbanización e para a rede xeral. Isto non impide que, en casos puntuais, haxa unha avería, pero se arranxan con prontitude.

Por último, recoda que esta moción non é urxente, en tanto o BNG presentou polo cauce ordinario unha moción que unicamente se diferencia desta no logotipo do partido.

Intervén neste intre a concelleira do Grupo Municipal do PSdG-PSOE dona Victoria Fernández Vigo, que mostra un exemplar de periódico e asegura que, fai dez días, manifestou a prensa que os problemas de verquidos estaban resoltos e, a día de hoxe non o están.

Frente a esta intervención, o sr. Pardo Lombao recorda que o concello identificou o problema e adoptou as medidas para solucionalo. Nun caso arrancando a avería, noutro caso iniciando as actuacións para executar o colector. Máis axiña non se pode ir. Ademáis nas declaracións de prensa non só di que o problema está resolto, senón que especifica en que termos, que son os que acaba de expoñer.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con seis votos en contra, pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do PP, e cinco votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos Grupos Municipais do BNG e PSdG-PSOE.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE CON NÚMERO DE REXISTO 666, RELATIVA AO DECRETO 262/2007, DO 20 DE DECEMBRO, POLO QUE SE APROBAN AS NORMAS DO HABITAT GALEGO.

Ponse de manifesto o escrito presentado polo Grupo Municipal do PSdG-PSEOE, con data de rexistro de entrada de 25 de abril de 2008, e número de rexistro 666, relativo ao decreto 262/2007, do 20 de decembro, polo que se aproban as normas do hábitat galego.

O voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE xustifica a urxencia no feito do transcurso do prazo de entrada en vigor da norma para cando se celebre o próximo pleno.

O voceiro do Grupo Municipal do PP argúe en contra da urxencia o feito de que o seu grupo poido presentar pola vía ordinaria unha moción sobre esta norma, e ademáis, que o decreto da convocatoria data de 21 de abril, mentres que a data de publicación no DOGA da norma citada é do día 17 de xaneiro e entrou en vigor o día 17 de abril. Tempo de sobra para presentar esta moción pola vía ordinaria.

Sométese a votación a urxencia da moción.

Realizada a votación, a urxencia da moción resulta rexeitada con oito votos en contra, pertencentes aos concelleiros dos Grupos Municipais do PP e BNG, e tres votos a favor, pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do PSdG-PSOE.

5- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE PRESENTADAS.

Polo sr. Secretario dase lectura en viva voz do escrito de preguntas presentado polo Grupo Municipal do BNG con número de rexistro de entrada 606, e do seguinte teor literal:

“D. ARCADIO LOMBAO ROMÁN e Dna. DULCE MARÍA NEIRA FRAGA, como concelleiros integrantes do grupo municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan as seguintes preguntas para a súa contestación no pleno ordinario do 25 de abril de 2008.

PREGUNTAS

1.- Unha vez rematadas e inauguradas as obras realizadas no campo de fútbol de San Lourenzo co financiamento da Consellería de Cultura e Deporte, en qué momento está previsto posibilitar dende o concello o subministro de alumeado en dito campo?

Outeiro de Rei, a 21 de abril de 2008



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Asdo: Arcadio Lombao Román

Asdo: Dulce M^a Neira Fraga

Resposta o sr Alcalde que está previsto poñer en marcha ditas obras tan pronto a consellería de Industria emita as autorizacións necesarias para a súa posta en marcha e funcionamento. As obras non están retrasadas, simplemente existe unha tramitación que hai que cumprir.

Polo sr. Secretario dase lectura en viva voz do escrito de preguntas presentado polo Grupo Municipal do BNG con número de rexistro de entrada 607, e do seguinte teor literal:

“D. ARCADIO LOMBAO ROMÁN e Dna. DULCE MARÍA NEIRA FRAGA, como concelleiros integrantes do grupo municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da legislación vixente, presentan as seguintes preguntas para a súa contestación no pleno ordinario do 25 de abril de 2008.

PREGUNTAS

Nos últimos tempos, e non só nos períodos de “enchente”, a auga da traída chega turbia ás vivendas de moitos veciños e veciñas do Concello, aparentemente pola presenza de terra e/ou area en suspensión.

- 1.- ¿É coñecedor o grupo de Goberno de dita situación?*
- 2.- ¿Qué medidas pensa tomar para poñerlle solución ao problema?*

Outeiro de Rei, a 21 de abril de 2008-06-18

Asdo.: Arcadio Lombao Román

Asdo.: Dulce M^a Neira Fraga

Resposta o sr. Alcalde que evidentemente, cando chove moito, os arrastres da choiva enturbian o auga, e os sistemas de depuración feitos no seu día non son capaces para eliminar totalmente esta turbidez.

No tocante as medidas adoptadas, recorda que o goberno do PSOE cando anulou a presa do Narla (xa estando expropiados os terreos e as obras a piques de licitarse), porque esta presa garantía un suministro de auga potable de mellor calidade aos concellos de Lugo, Rábade e Outeiro de Rei. A Confederación Hidrográfica do Norte xa tiña programadas as obras de conducción ata os depósitos. Esta presa afrontaba as demandas a longo prazo do servizo, pero coa súa anulación se borrou esta gran



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

oportunidade que tiña o concello. Nestos catro anos non se fixo nada por solucionar o problema, salvo no caso de Lugo, que non sabe se se solucionou ou non.

Fai tres días, o sr. Alcalde presento na Delegación de Medio Ambiente un estudio para a mellora da captación, impulsión e dos depósitos de Outeiro de Rei, xa que este concello ten un crecemento importante que precisa destas inversións así coma da financiación para a súa execución.

Polo sr. Secretario dase lectura en viva voz do escrito de preguntas presentado polo Grupo Municipal do BNG con número de rexistro de entrada 608, e do seguinte teor literal:

“D. ARCADIO LOMBAO ROMÁN e Dna. DULCE MARÍA NEIRA FRAGA, como concelleiros integrantes do grupo municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da legislación vixente, presentan as seguintes preguntas para a súa contestación no pleno ordinario do 25 de abril de 2008.

PREGUNTAS

A escaseza de contadores amarelos nas “Urbanizacións de Guillar” está provocando de forma habitual a acumulación de bolsas de lixo, coas conseguíntes consecuencias de mal cheiro, sucidade, etc. ou doutra banda, forzando que se boten os residuos nos contadores verdes, o cal supón un retroceso nos hábitos de reciclaxe dos veciños e veciñas.

1.- ¿Qué tipo de solucións se teñen pensado adoptar dende o Concello para solventar a escaseza de contadores amarelos?

2.- ¿Valoraranse como posibles solución aumentar o nº de contadores e/ou a frecuencia na recollida como as máis viables?

Outeiro de Rei, a 21 de abril de 2008-06-18

Asdo.: Arcadio Lombao Román

Asdo.: Dulce M^a Neira Fraga”

O Alcalde nega que exista un problema de este tipo. É certo, coma en calquer concello, que en ocasións moi puntuais poida rebosarse a capacidade dalgún contenedor. Pero en casos moi puntuais.

Asegura que o servizo de Outeiro de Rei resiste calquer comparación cos municipios do entorno e mesmo co municipio capital da Provincia.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

No referente a solución de aumentar o nº de contenedores, é a solución que ven adoptando o concello dende fai vinte anos, cando se empezaron a poñer contenedores nas parroquias cando non os había en ningunha parroquia de ningún outro concello. Dende aquela se foron aumentando en todas partes. Cando a Xunta de Galicia financiou a recollida selectiva nuns puntos moi concretos o concello, con fondos propios, a estendeu a tódalas parroquias con, a lo menos, un punto de recollida.

Foise moito máis alá da política da Xunta dos puntos limpos, estabrecendo o concello a recollida de enseres ao pe dos contenedores.

Aumentouse a frecuencia da recollida de unha vez a semana a dúas, xa fai catro anos.

E todo iso mantendo as taxas nuns niveis moi razoables.

Polo sr. Secretario dase lectura en viva voz do escrito de preguntas presentado polo Grupo Municipal do PSdG-PSOE con número de rexistro de entrada 663, e do seguinte teor literal:

“O Concellal, abaixo firmante, Portavoz do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó amparo da lexislación vixente en materia de Réxime Local, presenta este escrito ó Pleno do Concello de Outeiro de Rei, como PREGUNTAS o Equipo de Goberno, con relación o punto 5º da Orde do Dia do Pleno da data:

1ª ¿Ten en conta o Sr. Alcalde que a actual ubicación dos contenedores nas estradas do Concello conlevan un grave perigo para a circulación? ¿Ten pensado algunha medida para solucionar a perigosidade da ubicación dos contenedores?ç

2ª ¿Qué valoración fai o Sr. Alcalde sobre a posible remodelación da plaza do Concello? ¿Podería explicar si se vai a facer a obra e como se vai a financiar?

3ª ¿Ten constancia o Sr. Alcalde do estado en que se atopa a obra feita na ponte no lugar do Granxo, parroquia de Bonxe?.. estado do firme e varandas.. ¿Podería explicar quen realiza esa obra? ¿Sabe se cumpre a normativa de seguridade vixente?.

4ª Ante unha posible apertura da Casa do Concello, e a solicitude desde grupo municipal para o exercicio das súas funcións ¿Onde pensa ubicar os despachos dos grupos políticos que así o soliciten?.

5ª E consciente o Sr. Alcalde da problemática existente co suministro eléctrico na Urbanización da Palloza en Outeiro de Rei, ¿Qué pretende facer para subsanar ditos problemas?.

6ª E sabedor o Sr. Alcalde da cantidade de vivendas que hai neste concello que carecen de punto de luz ¿Ten o Concello un modelo de solicitude para os puntos de Luz?.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

7ª- *¿Parecelle ben o Sr. Alcalde a situación na que se atopa o acceso dende o centro Residencial Carlos IV ata o PAC do Concello?*

8ª- *E consciente o Sr. Alcalde de que a Tubería da traída de auga na parroquia de Arcos, perde auga de cotío? ¿Qué pretende facer o respecto?*

Outeiro de Rei, 24 de abril de 2.008

Asdo.: Miguel Angel López Varela”

En contesta a primeira pregunta, o sr. Alcalde dí que os contenedores non representan un perigo para o tráfico, xa que están colocados en lugares axeitados, o que non quere decir que con rachas de vento moi forte se poidan mover algo. Pero non existe unha situación de perigo. Por outra banda, esto se vai mellorando a medida que se pode.

En contesta a segunda pregunta, asegura que o equipo de goberno ten a vontade de facelo e, para iso, xa dispón da financiación con cargo a recursos propios e con cargo a achegas da administración autonómica, se ben neste último caso o compromiso firme de aportación todavía non chegou por vía oficial.

Respecto da terceira pregunta, informa que é unha obra dun camiño rural, executada polo Concello, e que cumpre en maior grao a normativa que a estrada que asfaltou a consellería de Medio Rural no Castro. Presume que o concelleiro que presenta a pregunta non debeu ver como quedaron as barandillas desa ponte. Anuncia, asemade, que ante o perigo que representa a obra da consellería, o propio concello asumirá a colocación da barandilla.

No tocante a cuarta pregunta, sinala que cando sexa inminente o traslado a casa consistorial se estudiará a dispoñibilidade de locais para ese cometido.

A Palloza, como calquer outra urbanización de promoción privada, debe contar con tódolos servizos. O concello non pode considerar rematada a urbanización en tanto ditos servizos estén executados de conformidade co proxecto de urbanización. As posibles dificultades que teña o promotor non son problemas para o concello, serán problemas entre o promotor e os compradores nos termos dos contratos que haxan suscrito entre eles. A posición do Concello a marca a lei moi claramente; non pode recibir a urbanización mentres non esteña acabada.

No referente ao servizo de alumeadado público, recorda que o concello ven seguindo o criterio de que, a todo veciño empadroado se lle coloca un punto de luz, calquera que sexa a súa ubicación no concello e aínda que haxa que facer unha linea eléctrica a estos efectos. O ritmo de inversión neste sentido é moi elevado. Hai que ter en conta que nos próximos días contratarase a instalación de outros corenta punto de luz máis, e únicamente se corresponden coas solicitudes dos últimos meses. O concello ten previsto seguir nesta linea, é dicir, a todo veciño do concello se lle instala un punto de luz nun prazo razoable. E este prazo é o necesario para acumular unhas poucas solicitudes,



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

facer o proxecto, contratalo e executalo, e eso require uns poucos meses. Ás vivendas nas que non figura ningún veciño empadroado non podemos instalarlles puntos de luz, xa que o servizo ten uns elevados custes que, a día de hoxe, non pode afrontar. No suposto de ter esta capacidade financeira faríase de boa gana.

En contesta á séptima pregunta, asegura que non lle parece ben que o Ministerio teña a N-VI nestas condicións, e non só en relación ao Carlos IV, senón que debería urbanizar todo o tramo ao seu paso polo núcleo de Outeiro de Rei. En tal sentido, dende o Concello demandouse formalmente esta actuación ao Ministerio de Fomento. O Concello demanda ao Ministerio de Fomento que urbanice todo o tramo ao seu paso polo núcleo de Outeiro de Rei, e con tal fin o concello colaboraría en todo o que esté na súa man. Polo tanto, a situación non lle parece mal, senón moi mal.

Por último, resposta a oitava pregunta que descoñece a existencia desta fuga de auga, e que hoxe mesmo intentará localizarse, se existe, e que hoxe ou, a máis tardar o luns, estará arranxada. Se a avería é importante quedará arrancada de hoxe.

E non habendo máis asuntos a tratar, pola Presidencia dase por finalizada a sesión, sendo as quince horas e cuarenta minutos, da que eu Secretario, extendo a presente acta có visto e praxe do Sr. Alcalde.”

Vº e Praxe,
O Alcalde,